



ACTA Nº 2022/7

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, martes 14 de xuño de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS:
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA M ^a TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
M ^a VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
SECRETARIA
ROCÍO HERMIDA CANCELA
INTERVENTORA
ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA

AUSENTE
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO

TELEMATICAMENTE
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

- 1. Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do contrato do Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee a SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU. Expediente nº 2021/C004/000006.**

Considerando o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día xoves 9 de xuño de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do contrato do Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee a SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU. Expediente nº 2021/C004/000006.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Adxudicación do contrato do Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee.

Expediente nº 2021/C004/000006.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando a Proposta da Mesa de Contratación Plenaria con clave MC01FEB2022_PL, que se transcribe:

“A Mesa de Contratación reuniuse na sesión con clave MC01FEB2022_PL, os días 1 e 8 de febreiro de 2022 e 13 de abril de 2022, para examinar e cualificar as ofertas presentadas polos licitadores, realizar a súa valoración e efectuar a proposta de adxudicación do contrato do **Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee. Expediente nº 2021/C004/000006.**

De acordo coa valoración das ofertas dos contratistas, conforme os criterios de valoración establecidos na cláusula 19 do PCAP da licitación, e conforme a orde de clasificación dos mesmos, que a continuación se indica:

ORDE DE CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES:

Orde: 1 NIF: B27154731 SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U. (Proposto para a adxudicación)

Total criterios CJV: 67

Total criterios CAF: 27.22

Total puntuación: 94.22

Orde: 2 NIF: A79524054 URBASER, S.A.

Total criterios CJV: 56.15

Total criterios CAF: 26.04

Total puntuación: 82.19

Orde: 3 NIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

Total criterios CJV: 48.5

Total criterios CAF: 30

Total puntuación: 78.5

Orde: 4 NIF: B80399660 ACCIONA SERVICIOS URBANOS SRL

Total criterios CJV: 51.9

Total criterios CAF: 24.09

Total puntuación: 75.99



Orde: 5 NIF: B15832405 SIAVI, SL
Total criterios CJV: 52
Total criterios CAF: 23.47
Total puntuación: 75.47

NIF: B15467962 COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.
OFERTA REXEITADA. Motivo: non obter unha puntuación igual ou superior a 40 puntos na valoración final do apartado de criterios que dependen dun xuízo de valor.

A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda elevar ao órgano de contratación (Pleno do Concello) a seguinte PROPOSTA:

1º. EXCLUÍR da contratación do *Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee. Expte. 2021/C004/000006*, ao licitador COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L., con CIF B15467962, ao rexeitarse a súa oferta por non obter unha puntuación igual ou superior a 40 puntos na valoración final do apartado de criterios que dependen dun xuízo de valor, de acordo co establecido na cláusula 19 do PCAP que rexe na contratación.

2º. ADXUDICAR o contrato do *Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee. Expte. 2021/C004/000006*, e acordar o requirimento da documentación aos licitadores, pola orde de clasificación que a continuación se indica:

Orde: 1 NIF: B27154731. SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U

Prezo anual de adxudicación: 333.089,67 € + 33.308,97 € iva = 366.398,64 €

Conforme coas referencias técnicas ofertadas (plan de execución do servizo) e incluídas polo licitador no sobre/arquivo "B", que inclúe os seguintes puntos:

- Planificación da explotación dos servizos presentados.
- Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados.
- Instalacións fixas e infraestruturas ofertadas.
- Programa de concienciación e sensibilización ambiental.

O licitador proposto deberá presentar por medios electrónicos na sede electrónica municipal, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación, mediante orixinais ou copias cotexadas, indicada na cláusula 24 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe na licitación.

O importe da garantía definitiva que debe constituír o licitador ascende ao importe de 66.617,93 € (5% importe adxudicación, excluído o IVE, durante a duración do contrato).

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirle o importe equivalente ao 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, conforme ao disposto no artigo 150.2 da LCSP, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP, relativo ás prohibicións de contratar.



No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederá a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, de acordo coa orde de clasificación das ofertas dos licitadores.

Orde: 2 NIF: A79524054. URBASER, S.A.

Prezo anual de adxudicación: 342.382,36 €+ 34.238,24 € iva = 376.620,60 €

Conforme coas referencias técnicas ofertadas (plan de execución do servizo) e incluídas polo licitador no sobre/arquivo "B", que inclúe os seguintes puntos:

- Planificación da explotación dos servizos presentados.
- Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados.
- Instalacións fixas e infraestruturas ofertadas.
- Programa de concienciación e sensibilización ambiental.

O licitador proposto deberá presentar por medios electrónicos na sede electrónica municipal, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación, mediante orixinais ou copias cotexadas, indicada na cláusula 24 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe na licitación.

O importe da garantía definitiva que debe constituír o licitador ascende ao importe de 68.476,47 € (5% importe adxudicación, excluído o IVE, durante a duración do contrato).

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe equivalente ao 3% da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, conforme ao disposto no artigo 150.2 da LCSP, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP, relativo ás prohibicións de contratar.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederá a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, de acordo coa orde de clasificación das ofertas dos licitadores.

Orde: 3 NIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

Prezo anual de adxudicación: 319.056,96 € + 31.905,70 € iva = 350.962,66 €

Conforme coas referencias técnicas ofertadas (plan de execución do servizo) e incluídas polo licitador no sobre/arquivo "B", que inclúe os seguintes puntos:

- Planificación da explotación dos servizos presentados.
- Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados.
- Instalacións fixas e infraestruturas ofertadas.
- Programa de concienciación e sensibilización ambiental.

O licitador proposto deberá presentar por medios electrónicos na sede electrónica municipal, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Exp. 2022/G010/000007

documentación, mediante orixinais ou copias cotexadas, indicada na cláusula 24 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe na licitación.

O importe da garantía definitiva que debe constituír o licitador ascende ao importe de 63.811,39 € (5% importe adxudicación, excluído o IVE, durante a duración do contrato).

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe equivalente ao 3% da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, conforme ao disposto no artigo 150.2 da LCSP, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP, relativo ás prohibicións de contratar.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a solicitar a mesma documentación aos licitadores seguintes, correlativamente de acordo coa orde de clasificación das ofertas.

A presidenta da mesa de contratación O secretario da mesa de contratación
Margarita Lamela Louzán Jesús Roget Salgado
[documento asinado electronicamente].”

Resultando que o Pleno da Corporación en sesión realizada o 29 de abril de 2022, resolve requirir determinada documentación a SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU a instancia da Mesa de Contratación (e en consecuencia aprobar na súa integridade dita Proposta).

Considerando que con NRE 202299900000745 de data 19 de maio de 2022, o licitador presenta a documentación requirida.

Visto o INFORME emitido polo vogal técnico da mesa de contratación, D. Francisco Javier Copa Rodríguez sobre a documentación presentada.

Visto o informe conxunto emitido pola Secretaria municipal e a Interventora municipal en data 7 de maio de 2022, relativo á comprobación material de documentación.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** o **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato do *Servizo* de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee (Expediente 2021/C004/000006) a SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U con NIF: B27154731, nos seguintes termos:

Prezo anual de adxudicación: 333.089,67 € + 33.308,97 € iva = 366.398,64 €

Conforme coas referencias técnicas ofertadas (plan de execución do servizo) e incluídas polo licitador no sobre/arquivo “B”, que inclúe os seguintes puntos:

- Planificación da explotación dos servizos presentados.
- Maquinaria, material móbil e demais equipos ofertados.
- Instalacións fixas e infraestruturas ofertadas.
- Programa de concienciación e sensibilización ambiental.



SEGUNDO.- De conformidade coa cláusula 26 do PCAP: Ao tratarse dun contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación, **a formalización do mesmo non se efectuará antes de que teñan transcorrido quince días hábiles desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores.** Transcorrido ese prazo sen que se tivera interposto o recurso especial, o órgano de contratación requirira ao adxudicatario para subscribir, dentro do prazo de cinco días desde o seguinte á recepción da notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato.

Con carácter previo á formalización do contrato administrativo e dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, o adxudicatario procederá a achegar ao Contrato unha copia da póliza de seguro e dos documentos do pago da prima, subscriba nas condicións e coas coberturas mínimas exixidas na cláusula 35 do presente Prego.

Ao contrato uniráselle, a oferta do adxudicatario e un exemplar do presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas Particulares, debidamente compulsados e/ou firmados.

O documento no que se formalice o contrato, co que este se perfecciona, será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizárase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento. No poderá iniciarse a execución de contrato sen a súa previa formalización. Se esta non se levara a cabo dentro do prazo indicado por causa imputable ao adxudicatario, a Administración poderá acordar a incautación da garantía constituída. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar. O contratista iniciará a execución do servizo unha vez formalizado o contrato administrativo e, no seu caso, previa obtención dos correspondentes permisos e autorizacións administrativas ao efecto.

TERCEIRO.- Nomear responsable do contrato a D. RUBÉN VILLAR AGULLEIRO (suplente -causa de ausencia, enfermidade ou análogos-: D NICANOR OVIES GOYANES).

CUARTO.- Notificar o presente acordo a cantos figuren como interesados no procedemento, coa indicación expresa de que é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ser un acto recorrible indicado no artigo 44.2.c da LCSP.

Asinado dixitalmente o márxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstencións do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, é a adxudicación da xestión de residuos a Servizos dos Concellos Galegos SLU, despois de presentar a documentación correctamente, consta informe favorable.



Non se producen mais intervencións.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 2 abstencións do grupo político BNG e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión (grupos políticos PSOE, PP e IXCee).

2. Proposta da alcaldía relativa a Aprobación do PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BRÉNS, con NRE 202199900001863 de 24 de novembro de 2021. PLAN: POS+1/ 2019 ADICIONAL. EXPEDIENTE N.º: 2019/C003/000006

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 9 de xuño de 2022 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa a Aprobación do PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BRÉNS, con NRE 202199900001863 de 24 de novembro de 2021. PLAN: POS+1/ 2019 ADICIONAL. EXPEDIENTE N.º: 2019/C003/000006

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BRÉNS.

PLAN: POS+1/ 2019 ADICIONAL.

EXPEDIENTE N.º: 2019/C003/000006.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando os seguintes **ANTECEDENTES**:

1. Aprobación do proxecto inicial polo Pleno da Corporación en data 19 de decembro de 2018
2. Expediente de contratación Nº 2019/C003/000006.
3. Decreto da Alcaldía de data 4 de xuño de 2020 relativo a adxudicación da obra.
4. Formalización contrato de data 11 de xuño de 2020 entre o Concello de Cee e OVIGA.
5. Acta de Implantación negativa de data 9 de xullo de 2020.
6. Proxecto Reformado con RE 202199900001863 de 24 de novembro 2021.
7. Audiencia redactor do proxecto e contestación do mesmo o 14 de outubro de 2021.
8. Informe técnico municipal.
9. Informe conxunto Secretaría e Intervención.

Pola presente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- Aprobar o **PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BRÉNS**, con NRE 202199900001863 de 24 de novembro de 2021 redactado por D. Óscar Pidre Mosquera Arquitecto Col. Nº.: 3.964.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo mediante a correspondente Certificación Plenaria a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma habilitada SUBTELL.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

[Documento asinado electrónicamente]"

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos BNG e PP e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: bueno coñecen a proposta, e conforme consta na mesma con relación a esta obra xa foi no momento do replanteo cando nos atopamos cun problema na execución que non se podía dar non se fixeran os cálculos correspondentes da estrutura e polo tanto modifícase o proxecto no sentido que vai unha edificación adosada, con dúas plantas consistente nun semisótano e planta baixa e plataforma exterior que dá acceso a mesma e unha porta que dá comunicación entre planta ampliada e a existente así como conexión entre as plantas baixas por decilo de algunha forma.

Sr Domínguez Louro: unha pregunta de qué plan de obras e servizos ben?

Sra alcaldesa: ven do 2019 é da lexislatura anterior, que foi nesta lexislatura cando iniciamos o proceso de execución da obra, foi aprobada na lexislatura anterior e iniciado proxecto nesta.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

- 3. Proposta da alcaldía relativa a Aprobación do PROXECTO MODIFICADO Nº 3 DE: POSTA EN MARCHA DAS DEPURADORAS DE ESTORDE E AMEIXENDA" CEE (A CORUÑA) con NRE 20229990000439 de 23 de marzo de 2022. EXPEDIENTE N.º: 2021/C003/000016.**

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 9 de xuño de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"3. Proposta da alcaldía relativa a Aprobación do PROXECTO MODIFICADO Nº 3 DE: POSTA EN MARCHA DAS DEPURADORAS DE ESTORDE E AMEIXENDA" CEE (A CORUÑA) con NRE 20229990000439 de 23 de marzo de 2022. EXPEDIENTE N.º: 2021/C003/000016.

Considerando a seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación do PROXECTO MODIFICADO Nº 3 DE: POSTA EN MARCHA DAS DEPURADORAS DE ESTORDE E AMEIXENDA- CEE (A CORUÑA)

EXPEDIENTE N.º: 2021/C003/000016.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando os seguintes **ANTECEDENTES:**

- Proxecto orixinal aprobado en sesión plenaria .
- Proxectos reformados.
- Acordo da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2021 de aprobación do proxecto reformado 2.
- Expediente Contratación Nº 2021/C003/000016.
- Acordo da Xgl 21 de decembro de 2021 de adjudicación do contrato da obra: Posta en marcha das depuradoras de Estorde e Ameixenda. Modificado 2. Expte 2021/C003/000016, a favor BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL
- Formalización do contrato o 30 12 2021.
- Acordo da Xunta de Goberno Local de paralización da obra e orde de redacción de modificado.
- Proxecto Reformado 3 con RE 202299900000439 de data 23 de marzo 2022 que se somete a informe.
- Escrito do Director de obra asinado o 8 de marzo de 2022.
- Conformidade do adxudicatario e Director de obra (redactor dos proxectos iniciais) coa sinatura de ambos no proxecto nº 3 reformado.
- Informe técnico municipal.
- Informe conxunto de Secretaría e Intervención.

Pola presente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o **PROXECTO MODIFICADO Nº 3 DE: POSTA EN MARCHA DAS DEPURADORAS DE ESTORDE E AMEIXENDA” CEE (A CORUÑA)** con NRE 202299900000439 de 23 de marzo de 2022 redactado por D. Joaquín Alvarez Portela, Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos Colegiado nº 10 603.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo mediante a correspondente Certificación Plenaria a Deputación Provincial da Coruña a través da Plataforma habilitada SUBTELL.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

[Documento asinado electrónicamente]”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos BNG e PP e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: igualmente, coñecen a proposta hai que facer un modificado na execución da obra encontráronse cunha serie de problemas entre eles para recoller unidades de obra necesarias para recollida de fangos apelmazados existentes na fosa séptica a retirada por medio dun bombeo polo que hai unha modificación respecto o anterior proxecto e incluír o transporte a planta tratamento tamén unha unidade nova de obra que substitúe a arqueta sobre a que iba colocado o



Exp. 2022/G010/000007

tornillo porque a tubería de entrada agua se encontra a maior profundidade do estimado no proxecto se contempla tamén outra unidade de obra para recoller subcuadros eléctricos, se inclúe un sistema de lavado automático para tamíz do tornillo se inclúe unhas crepinas de alta dureza válvulas con presión automática e conexión para lavados dos filtros.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

Ás 20:04 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán